



O Deseño como motor
de Innovación e Competitividade

#DeseñoGalego
#WorkshopMateriais

Workshop «Novos materiais para o deseño e a innovación»

@InnovaDeseño



Xoves, 29 de novembro
CIS Galicia, Ferrol

O desenvolvemento de novos materiais está a abrir un enorme abano de oportunidades inéditas para o deseño aplicado á innovación empresarial. En Galicia existe unha intensa actividade neste ámbito tanto por parte de centros tecnolóxicos como de grupos de investigación universitaria. Este workshop busca a difusión destes avances para facilitar a súa transferencia á industria a través do traballo dos profesionais do deseño, así como unha aproximación experimental capaz de incentivar a creatividade dos participantes.

Durante a primeira parte da xornada, varios representantes de centros tecnolóxicos e de investigación galegos, colaboradores da futura materioteca da Axencia Galega de Innovación (GAIN) no CIS Galicia, exporán os retos que están a afrontar no campo dos novos materiais.

O workshop completárase cun taller limitado á participación de 30 persoas para garantir o seu carácter práctico. Nel usaranse as técnicas do *brainstorming* e o *pool* de ideas para xerar oportunidades de innovación con base na habilidade dos deseñadores para aplicar novos materiais en sectores para os que inicialmente non foran concibidos.

PROGRAMA

9.15 - 9.30 h

Rexistro de asistentes.

9.30 - 9.50 h

Presentación do workshop.

María José Mariño, directora da Área de centros da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

9.50 - 10.10 h

Vanesa Ventosinos, enxeñeira senior da Área de innovación de materiais do Centro Tecnolóxico da Automoción (CTAG).

10.10 - 10.30 h

Laura Mera, técnico senior da unidade de materiais avanzados do centro tecnolóxico AIMEN.

10.30 - 10.50 h

Francisco Guitián, director do Instituto de Cerámica de Galicia.

10.50 - 11.10 h

Rosalía Noguerol, responsable da área de materiais avanzados de CETIM.

11.10 - 11.30 h

Ramón Pedro Artiaga, coordinador do grupo de investigación Proterm (Propiedades térmicas e reolóxicas dos materiais) da Universidade da Coruña (UDC).

11.30 - 12.00 h

PAUSA CAFÉ

12.00 - 14.30 h

TALLER DE INNOVACIÓN EN MATERIAIS

Unai Etchebarria, director de Material ConneXion Bilbao.

- Benvida. Presentación de Material ConneXion e asistentes.
- Introducción ao taller e exposición do seu enfoque e obxectivos.

- Presentación de materiais innovadores por parte dun experto de Material ConneXion.

- Debate e posta en común: xeración de ideas a partir das solucións presentadas con base en materiais innovadores.

14.30 - 15.30 h

PAUSA ALMORZO

15.30 - 18.00 h

Continuación do taller de innovación en materiais.

- Presentación de materiais innovadores, debate e posta en común (parte 2).
- Selección e priorización das mellores oportunidades de innovación detectadas.
- Posta en común de todos os grupos.